



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL A BAIUCA, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA.

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/16/075.10.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 9 de novembro de 2023

**Expediente: X1802**

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
52	FERNANDEZ NEIRA JOSE ANGEL	AVDA. BENITO FARIÑAS, N.º 6-SABARÍS-36300 BAIONA (PONTEVEDRA)
34; 33	MVMC CARBOEIRO, EXP 26/76-11/2016	AS PARDELLAS, 3-CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
52	NEIRA REGA DIVINA	AVDA. BENITO FARIÑAS, N.º 6-SABARÍS-36300 BAIONA (PONTEVEDRA)

Lugo, 13 de outubro de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 3234

### CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

##### Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación orzamentaria do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2023, vía suplemento de crédito; en

cumprimento do disposto no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resumos:

#### 1. ORZAMENTO 2023

<b>ESTADO DE GASTOS</b>			
<b>CAPÍTULO</b>	<b>CONSIGNACION ACTUAL</b>	<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>CONSIGNACION FINAL</b>
I GASTOS DE PERSOAL	4.605.993,82	141.852,84	4.747.846,66
II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.223.957,11	67.000,00	1.290.957,11
III GASTOS FINANCEIROS	100,00	0,00	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00	0,00	0,00
VI INVESTIMENTOS REAIS	508.697,60	850.000,00	1.358.697,70
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>6.338.748,63</b>	<b>1.058.852,84</b>	<b>7.397.601,47</b>

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>			
<b>CAPÍTULO</b>	<b>CONSIGNACION ACTUAL</b>	<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>CONSIGNACION FINAL</b>
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	0,00	0,00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	0,00	0,00
III TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.061.311,23	0,00	1.061.311,23
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.588.712,36	0,00	4.588.712,36
V INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	0,00	0,00
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	688.725,04	1.058.852,84	1.747.577,88
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>6.338.748,63</b>	<b>1.058.852,84</b>	<b>7.397.601,47</b>

O que se fai público aos efectos oportunos.

Lugo, 11 de outubro de 2023.- O SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3244

## CONCELLOS

### O CORGO

*Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A DO CONCELLO DO CORGO**

De conformidade co acordo adoptado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 28 de setembro de 2023, é á vista de que está próximo a vencer o período de 4 anos do nomeamento do Xuíz/a de Paz Substituto/a do Concello do Corgo, faise pública a convocatoria para a elección do Xuíz/a de Paz Substituto/a, que será elixido polo Pleno do Concello.

- ♦ **Obxecto:** Elección do Xuíz/a de Paz Substituto/a do Concello do Corgo.
- ♦ **Condicións legais que deben reunir os solicitantes:** Ser español, maior de idade e, aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial e non estea incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas no desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.
- ♦ **Prazo de presentación de solicitudes:** quince días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- ♦ **Lugar de presentación de instancias:** As solicitudes, dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no rexistro xeral do Concello do Corgo, ou por calquera dos medios a que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- ♦ **Documentos que deben acompañar coa solicitude:**
  - Fotocopia autenticada do DNI.
  - Certificación do Rexistro Central de Penados ou Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980 no seu punto 1.a) referente a “se está inculpado ou procesado”.
  - Certificado médico acreditativo de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio das funcións propias do cargo.
  - Xustificación dos méritos (de alegalos o solicitante).

O Corgo, 13 de outubro de 2023.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 3235

## FRIOL

### Anuncio

#### APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE SETEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 9 de outubro de 2023, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogardo mes de SETEMBRO de 2023 por un importe total de 6.759,63 Euros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Leixeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Leixeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderán interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adobedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 16 de outubro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez

R. 3245

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial da modificación da RPT 2023 ( 9ª modificación) : 764/2023**

Por acordo plenario de data 28/09/2023 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT .

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Guitiriz, 13 de outubro de 2023.- A alcaldesa de Guitiriz, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3246

## LUGO

### *Anuncio*

#### **CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL EN MATERIA DE AVALIACIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS**

##### **I CONTEXTO NORMATIVO**

A Lei 39/15 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas, regula no seu Título VI “De iniciativa lexislativa e a potestade para dictar regulamentos e outras disposicións” e concretamente no artigo 133, a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración cde normas con rango de Lei e reguñamentos, ao dispor:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou regulamento, substanciaráse unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) dos problemas que se pretenden solucionar coas anteditas normas
- b) da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) dos obxectivos das normas
- d) da posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”

En consecuencia, de conformidade co artigo 133 da Lei 39/15 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas, procede substanciar unha CONSULTA PÚBLICA a través do Portal de Transparencia integrado na páxina web [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal), e da publicación da mesma no taboleiro de edictos e no boletín oficial da Provincia de Lugo, con carácter previo á elaboración da ordenanza municipal reguladora do informe de avaliación de edificios, durante o prazo de QUINCE DIAS NATURAIS, para que os cidadáns, organizacións e asociacións, que así o consideren poidan facer chegar alegacións ou suxestións sobre os aspectos formulados nesta Consulta.

##### **II ANTECEDENTES DA NORMA**

Nestes intres no Concello de Lugo se atopa en vigor a **Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións**, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación do Concello de Lugo en sesión do 3 de outubro de 2003 (BOP nº 231, do 8/03/2023) e posteriormente modificada por acordo plenario de 4 de xuño de 2012 (BOP nº 138, de 16/06/2012), e por acordo plenario de 7 de outubro de 2013 (BOP nº 243 de 23/10/2013).

Dita Ordenanza, a maiores de regular o cumprimento polos propietarios de terrenos e edificios do deber conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións, e para dar o ordenamento xurídico galego, logo da entrada en vigor da referida LOUGA, regulaba no capítulo 3 do título I, co fin de dar cumprimento ó mandato previsto no artigo 200 da antedita Lei, a inspección técnica das edificacións (ITE) que se deben levar a cabo en todas as edificacións coa finalidade de garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Esta normativa avogaba, xa daquela, pola necesidade de avanzar na cultura do sostemento dos edificios para mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público e orbitaba sobre dous eficaces instrumentos: o certificado de inspección emitido por técnico competente e a intervención municipal por medio de ordes de execución.

Porén, compre sinalar que, dende a súa aprobación téñense producido, tanto no eido europeo e estatal como no galego, unha serie de profundos cambios legislativos que requiren, a adaptación da normativa municipal ao novo marco normativo, dalgún dos aspectos contidos na mesma, en concreto as cuestións referidas á inspección técnica de edificios, o cal implica que é preciso, levar a cabo unha derogación da normativa municipal referida á mesma, e recoller nunha ordenanza de xeito independente todo o referido o informe de avaliación de edificios que ven a sustituíla como se fundamenta a continuación.

No que nos afecta no ámbito local, a antedita regulación contida na LOUGA, derogada trala entrada en vigor da nova Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, publicada no DOG núm. 34 do 19/02/2016, elimina toda referencia á Inspección Técnica de Edificios, sen que conste, a día de hoxe, regulación propia sobre a materia a nivel galego sobre os informes de inspección técnica de edificios.

Na actualidade, o informe de avaliación de edificios (que ven a “sustituir” a Inspección Técnica de edificio como era coñecida ata o momento), está contemplado na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRR), que contén a regulación propia sobre a materia, a nivel galego dos mesmos, no seu capítulo II do título preliminar.

Para o desenvolvemento das mentadas previsións legais referidas ó Informe de Avaliación de Edificios, o día 20 de maio de 2021, entrou en vigor o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios (REGIAE) (DOG núm 73, do 20/04/2021). Este decreto ten por obxecto regular o informe de avaliación dos edificios (en diante IAE) e crear o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios (REGIAE). Dito Decreto modificouse polo DECRETO 34/2022, de 10 de marzo (modificou a disposición transitoria primeira que regula a implantación gradual da obriga do informe de avaliación de edificios DOGA 56 do 22 de marzo de 2022), ampliando de un a tres anos o prazo de implantación do referido informe.

### III OBXECTIVOS e FINALIDADE

Como xa indicamos anteriormente, por mor da entrada en vigor das normas xurídicas anteriormente relacionadas, faise precisa a aprobación dunha **ordenanza municipal que regule de xeito independente o informe de avaliación dos edificios do Concello de Lugo**, o cal leva aparelado de xeito necesario, a derogación do Capítulo 3 do Título I (artigos 20 a 41), da Disposición Transitoria segunda e das Disposicións finais primeira e segunda da **Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións do Concello de Lugo**, anteriormente citada, na cal se contén a regulación municipal do Informe de Inspección Técnica de Edificios conforme o disposto na derogada Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), non recollendo a Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo e Galicia, que veu a sustituíla e vixente nestes intres, regulación ó respecto.

#### \*Obxectivos

1.- Regular o deber de inspección técnica periódica das edificacións que determine o seu estado de conservación, o cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade universal e, para os edificios de uso residencial de vivenda colectiva, o grao de eficiencia enerxética, o que se reflectirá no informe de avaliación dos edificios.

Dita regulación referida ao informe de avaliación de edificios, incluírá

- a) As edificacións que quedan suxeitas a esta obriga formal.
- b) Os prazos e condicións nos que deban realizarse as inspeccións e informes a cargo de facultativo competente, en función da súa antigüidade, tipoloxía, uso predominante ou catalogación en materia de patrimonio cultural, consonte ao ordenamento xurídico estatal e galego, clarificando os requisitos da inspección periódica e dos informes subsecuentes, proporcionando aos propietarios e técnicos os instrumentos axeitados para materializar a obriga de inspección periódica que permita o coñecemento das deficiencias existentes nas edificacións e as actuacións necesarias para a súa corrección.
- c) Determinar as condicións de realización das inspeccións técnicas a materializar nos informes de avaliación de edificios e posteriores inscricións, no rexistro Galego de Informes de Avaliación de Edificios (REGIAE) creado polo Decreto 61/2021, ou o que poida crearse en substitución pola normativa autonómica

2.- Na mesma se establecerá a obriga de realizar de xeito periódico un informe de avaliación dos edificios, que acreditará o cumprimento das condicións das edificacións e construcións, calquera que sexa o seu uso e tipoloxía, cunha antigüidade superior aos 50 anos ou cando polo estado de deficiente conservación o requira o Concello con independencia dos prazos xerais que se dispoñan na Ordenanza.

Se sinarán tamén os facultativos competentes para levala a cabo así como a esixencia de que no mesmo se determinen as medidas prioritarias recomendables para manter ou recuperar as condicións de conservación e accesibilidade.

3.- Fixaranse os labores precisos de mantemento que deberán realizar as s persoas propietarias, para conservar ou repoñer as condicións legalmente esixibles aos edificios.

6.- Fixarase dispoñer o informe de avaliación de edificios en sentido favorable, como xustificación da obriga formal das persoas titulares da propiedade inmobiliaria do cumprimento do deber legal de conservación das edificacións, e de que estas reúnan os requisitos básicos de seguridade, habitabilidade ou funcionalidade e de uso esixibles así coma a adecuación dos inmobles ás condicións legalmente determinadas, así como acreditación do cumprimento dos requisitos básicos legalmente esixibles en materia de accesibilidade e a execución dos axustes razoables para dar cumprimento ao determinado na Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre dereitos das persoas con discapacidade.

**\* Finalidade**

-Dar cumprimento á obriga legal referidas ó Informe de Avaliación de Edificios, disposta por Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios (REGIAE) (DOG núm 73, do 20/04/2021), e polo Decreto 34/2022, de 10 de marzo (modificou a disposición transitoria primeira que regula a implantación gradual da obriga do informe de avaliación de edificios DOGA 56 do 22 de marzo de 2022).

-Configurar a inspección técnica das edificacións como:

a) Instrumento ou medida de control preventivo de avaliación do cumprimento do deber de conservación e das condicións de accesibilidade universal e eficiencia enerxética dos edificios, para o coñecemento das deficiencias existentes nas edificacións e construcións, calquera que sexa o seu uso e tipoloxía, cunha antigüidade superior aos 50 anos ou que estean catalogados pola normativa de protección do patrimonio cultural, así coma de todos aqueles, calquera que sexa a súa antigüidade, uso e tipoloxía, que pretenda acollerse a axudas públicas co obxectivo de acometer obras de conservación, accesibilidade universal ou eficiencia enerxética.

b) Instrumento que determinará as medidas recomendadas e, no seu caso, as actuacións necesarias para a súa emenda ou determinación concreta das obras e traballos que se requiran para o mantemento dos inmobles no estado de conservación e nos parámetros de accesibilidade universal e eficiencia enerxética legalmente esixibles.

Durante o expresado trámite de consulta pública, os cidadáns, organizacións e asociacións, que consideren que resultan afectadas polas ordenanza cuxa tramitación se pretende, poden facer chegar as súas opinións, indicando o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a [ordenanzaurbanismo@lugo.gal](mailto:ordenanzaurbanismo@lugo.gal), acerca de:

a) dos problemas que se pretenden solucionar coas anteditas normas

b) da necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) dos obxectivos das normas

d) da posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

As alegacións presentadas que cumpran o requisito recibirán acuse de recibo a traves de dita dirección de correo electrónico.

Lugo, 13 de outubro de 2023.- A ALCADESA, dona Lara Méndez López.

R. 3247

---

*Anuncio*

**DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 11 de outubro de 2023, adoptou entre outros o acordo 8/752 delegar na Tenente de Alcaldesa delegada da área de Sostenibilidade Urbana e Recursos Internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente de contratación DA ADQUISIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN POLICIAL INTEGRAL PARA UTILIZACIÓN DA POLICÍA LOCAL DENTRO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTENILBE E INTEGRADO (EDUSI) "MURAMIÑAE: DA MURALLA Ao MIÑO", COFINANCIABLE E UN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO PLURREGIONAL DE ESPAÑA FEDER 2014-2020. EXP REF. 2023/C004/000027).

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 11 de outubro de 2023.- CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA, Mercedes Paula Lavarellos Fondo

R. 3248

## MURAS

### *Anuncio*

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o 11 de outubro de 2023, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario/suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 49.538,82€.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 14 de outubro de 2023.- Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3249

### *Anuncio*

Exposición pública conta xeral 2022

Formulada e rendida a conta xeral deste Concello correspondente ao exercicio indicado, informada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 06.10.2023, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por espazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular os reparos e reclamacións que estimen pertinentes, durante dito prazo, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004

Muras, 14 de outubro de 2023.- Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3250

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 11/07/2023, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2023, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fíxase o período de cobro en voluntaria do 18/10/2023 ao 18/10/2023, ambos inclusive. Iníciase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 16 de outubro de 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3251

## A PONTENOVA

*Anuncio*

O Pleno do Concello de A Pontenova en sesión celebrada o día 28/09/2023 , aprobou definitivamente a Relación de posto de traballo para o Concello de A Pontenova.

De conformidade co establecido no artigo 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese á publicación íntegra da mencionada relación de postos de traballo, a cal se poderá consultar no Portal de Transparencia da Sede Electrónica do Concello de A Pontenova, no seguinte enlace:

<https://concellodapontenova.sedelectronica.es/transparency/72123a24-2560-4731-9a6a-f7e219c88d69/>

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste Acordo.

A Pontenova, 11 de outubro de 2023.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3236

## RIBADEO

*Anuncio*

**Resolución de Alcaldía núm. 2023/1047 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:**

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-1047 de data 9 DE OUTUBRO DE 2023 una vez concluído o proceso selectivo, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Díaz Alvarez, Baldomero	**5924**

**Características da praza:**

Servizo/Dependencia	Obas e Infraestruturas
Ide. Posto	1022/4
Denominación do posto	Peón albanel
Natureza	Laboral fixo
Nomeamento	09/10/2023
Escala	Laboral fixo
Subescala	Laboral fixo
Clase/Especialidade	Albanelería / Obras
Grupo/Subgrupo	E/ AA.PP.

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 10 de outubro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ

R. 3237



## O VICEDO

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2023 aprobou provisionalmente o expediente de imposición da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e a súa ordenanza fiscal reguladora. De conformidade co preceptuado no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente a información pública por prazo de trinta días, o cal se computará a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a efectos de que por calquera persoa interesada se poida examinar o expediente e formular as reclamacións que estime oportunas.

No suposto de que non se formularan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O Vicedo, 11 de outubro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3238

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 11 de outubro de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de SETEMBRO de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 11 de outubro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3239